




Boletín de Medio Ambiente



Fervenza das Hortas

Concello: Arzúa

Características: Fervenza do regato de Saímes, ten unha caída aproximada duns 32 metros. Xorde pouco antes da confluencia co río Ulla e fai de fronteira natural entre os concellos de Arzúa e Touro.

Ruta de sendeirismo: Existe unha ruta de sendeirismo de 19,8 km de lonxitude e dificultade media denominada 'Ruta da Fervenza das Hortas' (PR-G 169), que comeza na Ponte Santa e remata aos pés da fervenza.

Noticias

Toneladas de plátanos desperdiciados en Canarias

Organizacións de produtores desta illa xestionan de maneira irregular parte dos residuos agrícolas da chamada "pica", a retirada de froita da exportación polas baixas cotizacións en destino, con 2,3 millóns de quilos de plátanos tirados ao lixo estas semanas.

O problema é que resulta máis barato tirar a froita, a pesar de ser de moi boa calidade, antes que pagar unha 47€/tonelada que custa levala ao complexo ambiental da Palma, a un xestor autorizado de tipo privado ou quizá destinala á alimentación do gando local.

Fonte: El Diario

O milagre de cicloxénesis explosiva 'Ana' en Vigo: de auga para 25 días ao fin da seca

O temporal Ana, ademais de 1.300 incidencias en apenas unhas xornadas, deixou algúns efectos positivos. O principal foi poñer fin á situación de falta de auga que viña ameazando a toda Galicia, e máis concretamente á área de Vigo, coa declaración de situación de "emerxencia". Pero non fixo falta. As intensas choivas caídas nos últimos días encheron o encoro de Eiras, que abastece á área da cidade, que pasou de estar ao 32,7% ao 71,4% da súa capacidade.

Fonte: ABC

Pescar o lixo espacial

As órbitas baixas próximas ao noso planeta son un auténtico vertedoiro no que flotan 8.000 toneladas de refugallos formados por restos de foguetes e naves estouradas ou por satélites en desuso. Trátase dun enorme problema que crece día a día e que pon en perigo a actividade dos máis de 2.000 satélites de comunicacións ou de vixilancia terrestre operativos neste momento, a Estación Espacial Internacional cada vez con máis frecuencia ten que evacuar a tripulación ou desviar a súa órbita perante o perigo dun potencial impacto.

A chatarra orbital supón un problema de enorme magnitude ao que os gobernos tentan buscar unha solución. Algunhas das propostas máis avanzadas debatéronse hai uns días no Centro Europeo de Investigación e Tecnoloxía Espacial da ESA. E entre as alternativas sobresaé a misión E-Deorbit, que pretende demostrar que é posible capturar un satélite fóra de control e sacalo de perigo. Neste momento están a usar un robot e un enxeño modelo para descubrir como poderían abordar os cascallos.

Outro enfoque que se estuda dentro do mesmo proxecto implica usar redes no espazo para capturar grandes cantidades de residuos, algo parecido ao que se fai cos peixes no mar.

Fonte: La Voz de Galicia

O xigante que sucumbiu perante a cicloxénese explosiva 'Ana'

A borrasca Ana levouse por diante un das árbores máis singulares de Oza-Cesuras, o alcornoque de Anxoi, en Porzomillos. Un exemplar de gran porte, con máis de douscentos anos ás súas costas, que non puido resistir os ventos tempestuosos do pasado domingo e esborrallouse sobre a estrada pasadas o dez da noite.

Fonte: La Opinión Coruña

20 anos do Protocolo de Kioto

O Protocolo de Kioto foi adoptado o 11 de decembro de 1997 en Kioto, Xapón, como vehículo esencial para que os países desenvolvidos reducesen rapidamente as súas emisións, e entrou en vigor o 16 de febreiro de 2005.

Durante o seu primeiro período de compromiso, de 2008 a 2012, 36 países industrializados e a Unión Europea acordaron asumir un papel de liderado na acción climática reducindo as súas emisións de media por encima do 5% en comparación cos niveis de 1990.

Este ano cumprese o vixésimo aniversario da adopción do Protocolo de Kioto e o 25 aniversario da adopción da Convención sobre o Cambio Climático. O Secretario Xeral das Nacións Unidas, António Guterres, pide aos Estados parte do Protocolo que asinen a Emenda de Doha, que prorroga a vixencia do Protocolo de Kioto ata o 31 de Decembro de 2019. Polo de agora tan só 95 países aceptaron esta emenda, e é necesario que 144 partes, das 192 firmantes do Protocolo fágano para que entre en vigor.

Fonte: ABC

Sabías que...

Si lavas o coche nunha estación de lavado no canto de facelo ti en casa aforras máis de 400 litros de auga?

Ao lavallo cun sistema eficiente, gástanse aproximadamente 35 litros, xa que se usan mangueras de presión e sistemas especializados, e con todo, a man gástanse unha media de 500 litros para lavar ben o coche.

Boas Prácticas

Concurso de accións ecolóxicas

A Axencia Europea do Medio Ambiente lanza un concurso de vídeos para compartir as accións ecolóxicas dos europeos. O concurso, denominado 'I LIVE GREEN', se focaliza en 4 ámbitos distintos: comida sustentable, aire limpo, auga limpa e residuos mínimos.

A data de apertura do prazo comezou o 1 de Decembro e esténdese ata o 31 de marzo de 2018. O prazo para votar os mellores vídeos será do 1 ao 31 de Maio do próximo ano. Os gañadores anunciaranse o 5 de Xuño, coincidindo coa celebración do Día Mundial do Medio Ambiente.

Fonte: Axencia Europea do Medio Ambiente

Macron encabeza a loita contra o quecemento global

Máis diñeiro, máis esforzos e menos autocompracencia. O presidente francés, Emmanuel Macron, quere galvanizar á humanidade na loita contra o cambio climático, ameazada polo boicot da Administración de Trump aos acordos internacionais e pola lentitude na resposta do resto de países. Macron chamou este martes, nun cume nos arredores de París, a mobilizar ao mundo financeiro e os poderes locais para frear o quecemento global. "Estamos a perder a batalla", constatou perante medio centenar de xefes de Estado e de Goberno e de decenas de dirixentes políticos, filantrópicos e empresariais.

Fonte: El País

As mascotas deixarán de ser consideradas como obxectos

Os animais de compañía pasarán a ser "seres vivos dotados de sensibilidade" a nivel xurídico. A proposta do PP no Congreso pretende que deixen de ser considerados "bens inmoables", susceptibles de formar parte de herdanzas, embargos ou tratos de divorcio. Ademais, o seu abandono ou malos tratos pasará a ser delito.

Aínda así, outros partidos políticos consideran escasa esta modificación, din que faltaría incluír un banco nacional de datos de donos, que evite que poida comprar animais quen delinca con eles e un plan de sensibilización para evitar a adquisición "caprichosa" de mascotas.

Fonte: La Vanguardia

Axenda Ambiental

- 12/12/2017 – 14/12/2017 World Efficiency 2017. París, Francia.
- 19/12/2017 – 20/12/2017 Global Landscape Forum 2017. Bonn, Alemaña.
- Ata 21/12/2017 III Concurso de Relatos do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.
- Ata 21/12/2017 IV Concurso de Fotografía do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal